

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN DE LOCAIS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO EN HORARIO NOCTURNO PARA PERNOCTA

ARTIGO 1: CONCEPTO.

De conformidade co previsto no artigo 20.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido la Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Pedrafita do Cebreiro, establece a taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial por parte de persoas físicas ou xurídicas dos locais ou instalacións municipais existentes no municipio.

Os locais a utilizar serán o polideportivo e a Casa da Cultura. Respetaranse en todo caso as normas de uso que para cada instalación se establezan.

No concepto de utilización de ditos locais inclúese a pernocta por parte dos suxeitos pasivos desta taxa durante un máximo de dúas noites continuas por persoa ou grupos de persoas. O horario permitido de estancia será dende as dezanove horas do día autorizado ata as dez horas do día seguinte.

ARTIGO 2: FEITO IMPOÑIBLE:

Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización dos locais municipais enumerados no artigo primeiro para pasa-la noite.

ARTIGO 3: SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos desta taxa en concepto de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro (LXT) que soliciten, provoquen ou que no seu interese redunden as prestacións a que se refire a presente ordenanza.

ARTIGO 4: RESPONSABLES.

Responden solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 42 e 43 da LXT.

ARTIGO 5: BASE IMPOÑIBLE E CUOTA TRIBUTARIA:

A cota tributaria será a resultante de aplicar as seguintes tarifas:

- Por utilización do pavillón municipal ou da casa da cultura para pernocta: 3 euros por persoa/noite.

ARTIGO 6: NORMAS DE XESTION.

O aboamento da taxa realizarase no momento de entrada no local a que se refire a presente ordenanza, momento no que será entregado o ticket correspondente polos medios que poña a disposición o Concello.

A Alcaldía fixará mediante Decreto o número máximo de persoas que poderán utilizar as instalacións por noite tendo en conta a capacidade e servizos cos que contan, a mesmo disporá as tempadas de estancia nos que se poderá facer uso das instalacións municipais

ARTIGO 7: INFRACCIONS E SANCIONS.

Para o tocante as infraccións e sancións rexerá o disposto nos artigos 181 e seguintes da LXT

DISPOSICION FINAL:

A presente ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación posterior.